BOP
Deputación DA CORUÑA
www.dicoruna.es
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
D.L.: C-1-1958
VIERNES, 30 DE AGOSTO DE 2013 | BOP NÚMERO 165

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CULLEREDO

**Secretaría Xeral**

*Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Culleredo*

**ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA**

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de abril de 2013, aprobou inicialmente o Regulamento dos Ficheiros de Datos de Carácter Persoal, deste Concello. Transcorridos os prazos sinalados nos artigos 49 b) e 65.2 da vixente Lei 7/85, sen presentarse alegación ou requirimento algún, enténdese definitivamente aprobado o texto que se publica como Anexo e que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto no art. 70.2 da vixente Lei 7/85, do 2 de abrir, reguladora das Bases do Réxime Local.

**A N E X O**

**REGULAMENTO DOS FICHEIROS DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL DO CONCELLO DE CULLEREDO.**

**Artigo 1 .- Obxecto e ámbito**

O presente regulamento ten por obxecto a creación e regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Culleredo. Os ficheiros automatizados e non automatizados do Concello de Culleredo nos que se conteñen e procesan datos de carácter persoal son os que están recollidos neste regulamento.

A regulación dos ficheiros de datos de carácter persoal determina a finalidade dos ficheiros, as persoas ou colectivos sobre os que se obteñen os datos, o procedemento de recollida de datos, a estrutura básica do ficheiro e a descrición dos tipos de datos de carácter persoal incluídos, a cesión dos datos, o órgano responsable dos ficheiros, os servizos ou unidades ante os que se pode exercitar o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, e o nivel de medidas de seguridade cos niveis correspondentes a cada un destes ficheiros, en aplicación do Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

**Artigo 2.–Creación e regulación de ficheiros de datos de carácter persoal.**

1. Créanse os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Culleredo que figuran como anexo I co contido recollido no artigo 20 da Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no artigo 54.1 do Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

Créanse no Concello de Culleredo os ficheiros denominados:

1. Trámites de expedientes
2. Videovixilancia
3. Seguridade Cidadá e Protección Civil
4. Urbanismo
5. Rexistros
6. Selección de Persoal
7. Persoal
8. Servizos Sociais
9. Actividades culturais e deportivas
10. Xestión Económica
11. Padrón
12. Contratación administrativa
13. Axentes de Promoción Económica
14. Participantes en accións de Promoción de emprego

Número de anuncio 2013/10739

15. Queixas e Suxerencias

16. Xestión Administrativa

2. Os ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Culleredo rexeranse polas disposicións que se detallan para cada un deles e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

**Artigo 3. Ficheiros preexistentes**

Os ficheiros incluídos no ámbito da Lei 15/1999 creados antes da aprobación deste regulamento serán cancelados por non adaptarse a lexislación actualmente existente:

**Artigo 4.–Finalidade e uso dos ficheiros.**

Os datos de carácter persoal rexistrados nos ficheiros que se indican e dos que o Concello de Culleredo é o responsable, só poderán utilizarse para os fins expresamente previstos e por persoal debidamente autorizado.

**Artigo 5.–Responsabilidade dos ficheiros.**

1. A titularidade e responsabilidade dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Culleredo corresponde ao propio Concello, representado pola persoa que exerza o posto de Alcaldía, sendo igualmente responsable da súa seguridade, debendo adoptar as medidas técnicas, de xestión e organización que sexan necesarias para asegurar a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos, así como as conducentes a facer efectivas as garantías e obrigas e dereitos recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro e as súas normas de desenvolvemento.

2. Por outra banda, consideraranse encargados do ficheiro as persoas que leven a cabo, por conta da persoa responsable, o tratamento dos datos recollidos nos mesmos, segundo o establecido particularmente para cada ficheiro.

**Artigo 6.- Cesión de datos**

A cesión de datos a outras Administracións Públicas para o desempeño das súas atribucións ou con fins estatísticos, axustarase ao disposto nos artigos 11.2, 21, Disposición adicional segunda da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, artigos 93 e 94 da Lei xeral tributaria, artigo 16.3 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e con carácter específico ó que se especifica para cada ficheiro.

Asimesmo, os datos incluídos nos ficheiros poderán ser cedidos, con carácter xeral, cando así veña establecido por unha disposición legal ou, no seu caso, por resolución xudicial ou administrativa.

**Artigo 7.–Medidas de seguridade.**

1. O Concello de Culleredo implantará as medidas organizativas e técnicas precisas para asegurar a confidencialidade de datos. Con este obxectivo, adoptará as medidas de seguridade que se establecen no Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, o Concello de Culleredo velará porque os ficheiros se utilicen para as finalidades que motivaron a súa creación e polo persoal debidamente autorizado. Do mesmo xeito, velarase, con carácter xeral, polo respecto dos principios de protección de datos e só poderán ser obxecto de tratamento os datos que sexan adecuados, pertinentes e non excesivos en relación coas finalidades determinadas, explícitas e lexítimas para os que se obtiveron.

**Artigo 8.- Deber de información**

Ós efectos de cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, relativo ó deber de información, as persoas ás que se lles soliciten datos persoais serán informadas previamente de modo expreso, preciso e inequívoco. O modelo a utilizar será o definido no anexo II do presente Regulamento que será de aplicación a todos os documentos oficiais e soportes utilizados polo Concello de Culleredo a través dos que se realice calquera tratamento de datos de carácter persoal.

**Artigo 9.–Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.**

Os dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, poderán exercerse ante o Concello de Culleredo, no enderezo da súa sede principal, Rúa do Concello nº 12, C.P. 15189 Culleredo (A Coruña).

**Artigo 10.- Acceso aso datos por conta de terceiros**

As persoas físicas ou xurídicas que realicen prestacións de servizos que requiran o tratamento de datos de carácter persoal derivados da contratación coa entidade local, someteranse ó estipulado na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, artigo 12, co seguinte contido:

Número de anuncio 2013/10739

- Non se considerará comunicación de datos o acceso dun terceiro ós datos cando sexa necesario para a prestación dun servizo resultante dun contrato coa entidade local.

- Ese tratamento por conta de terceiros deberá regularse en contrato con constancia por escrito ou outros medios que permitan a acreditación da súa celebración ou contido. En todo caso, só serán susceptibles de tratamento os datos derivados directamente da prestación, non podendo aplicarse nin utilizarse con fins distintos ós que figuran no contrato, nin poderán comunicarse para a súa conservación a outras persoas.

- Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ó responsable do tratamento en calquera dos soportes nos que consten.

- O incumprimento por parte do terceiro do definido neste artigo e, supletoriamente, no artigo mencionado da LOPD 15/1999, suporá responder das infraccións en que incorra.

**Disposición final**

O presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e así que transcorra o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación."

Segundo.- Créanse os ficheiros incluídos no ANEXO I deste Acordo, en cumprimento do artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999 e o artigo 54.1 do Regulamento de desenvolvemento.

Terceiro.- Suprímense os ficheiros incluídos no ANEXO II deste Acordo en cumprimento do art. 20 da Lei Orgánica 15/1999, e o articulo 54.3 do Regulamento de desenvolvemento.

Cuarto.- Os ficheiros que se recollen nos anexos deste Acordo, rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallen para cada un deles, e estarán sometidos, en todo caso, ás normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Quinto.- En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, os ficheiros serán notificados para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días desde a publicación deste Acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Sexto.- O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."

**ANEXO I**

**Ficheiros de nova creación**

| **1. Ficheiro:** | **Trámites de expedientes** |
|---|---|
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Trámites de expedientes. |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Posta en marcha de procesos relacionados cos distintos Departamentos para a xestión de solicitudes. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns e residentes, contribuíntes e suxeitos obrigados, solicitantes, beneficiarios. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, Nome e apelidos, Dirección, Teléfono, Asina / Pegada.<br>Outros datos especialmente protexidos: Saúde (Solicitados con consentimento expreso do afectado). |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Non se prevén, aínda que poderán ser realizadas comunicacións de datos entre os distintos departamentos do titular do ficheiro, sempre que o tratamento dos datos responda á libre e lexítima aceptación dunha relación xurídica cuxo desenvolvemento, cumprimento e control implique necesariamente a conexión do devandito tratamento con outros ficheiros. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Alto. |
| **2. Ficheiro** | **Videovixilancia** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Videovixilancia |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Preservar a seguridade dos edificios e instalacións dependentes do Concello de Culleredo. |

| | |
|---|---|
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Empregados Concello, cidadáns e usuarios das instalacións municipais. |
| b.2) Procedencia: | O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: Imaxe |
| c.2) Sistema de tratamento: | Automatizado |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Organos xudiciais, forzas e corpos de seguridade |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello numero 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Básico |
| **3. Ficheiro** | **Seguridade Cidadá e Protección Civil** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Seguridade Cidadá e Protección Civil. |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Finalidade e usos previstos: Rexistro e atención de beneficiarios de servizos de protección civil, así como de afectados por servizos sanitarios e preventivos en acontecementos públicos. Xestión do Voluntariado, así como a formación e divulgación necesaria para o correcto funcionamento do voluntariado |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns e residentes. Solicitantes e beneficiarios. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI. N.º SS / Mutualidad. Nome e apelidos. Dirección. Teléfono. Asina / Pegada. Imaxe / Voz. Cartón sanitario.<br>Outros datos especialmente protexidos: Saúde (Solicitados con consentimento expreso do afectado). |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outros Órganos da Administración Local. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello numero 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Alto. |
| **4. Ficheiro** | **Urbanismo** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Urbanismo |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos persoais necesarios para realizar as funcións correspondentes ao ámbito urbanístico e administrativo do Concello de Culleredo. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | cidadáns e outros colectivos interesados en asuntos de competencia municipal. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, Nome e apelidos, Dirección, Teléfono, datos relativos a infraccións administrativas, sexo, nacionalidade, características persoais e circunstancias sociais, asina/pegada. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | A outras Administracións Públicas con competencia na materia e a interesados e solicitantes dos datos (Xunta de Galicia) |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Medio. |
| **5. Ficheiro** | **Rexistros** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Rexistros |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos necesarios para o rexistro de documentos administrativos, contables e fiscais do Concello. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns e outros colectivos interesados en asuntos de competencia municipal. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante, administracións públicas, rexistros públicos, fontes accesibles ao público.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, Nome e apelidos, Dirección, Teléfono, número de rexistro, características persoais e circunstancias sociais.<br>Outros datos especialmente protexidos: Saúde, orixe racial e afiliación sindical. |

| | |
|---|---|
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | A outras Administracións Públicas con competencia na materia e a interesados e solicitantes dos datos (Xunta de Galicia). |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Alto |
| **6. Ficheiro** | **Selección de Persoal** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Selección de Persoal |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos persoais necesarios para organizar procesos de selección de persoal por parte do Concello. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Calquera solicitante de emprego. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, Nome e apelidos, Dirección postal ou electrónica, Teléfono, Imaxe, características persoais, circunstancias sociais, datos académicos e profesionais e detalles de emprego. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Non se prevén. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Medio. |
| **7. Ficheiro** | **Persoal** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Persoal |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos de persoal funcionario ou con contrato laboral que traballan no Concello. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Persoal laboral e funcionario. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas distintas do afectado ou o seu representante.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, Nome e apelidos, Dirección postal e electrónica, Teléfono, Asina / Pegada, número da Seguridade Social, Estado Civil, data de nacemento, Sexo, nacionalidade, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles de emprego, económicos financeiros e de seguros.<br>Outros datos especialmente protexidos: Saúde (Solicitados con consentimento expreso do afectado). |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Entidades de Seguros encargadas da tramitación de partes de accidentes de traballo. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Alto |
| **8. Ficheiro** | **Servizos Sociais** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Servizos Sociais |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos de carácter persoal das persoas que prestan e das que reciben servizos referentes a prestacións, axudas a domicilio, inserción e integración social, tramitación de subvencións necesarias e axudas. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns e residentes, contribuíntes e suxeitos obrigados, solicitantes, beneficiarios, outros colectivos de interesados. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal.<br>-Procedemento de recollida: Formularios automatizados e non automatizados |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Datos identificativos: NIF / DNI, nome e apelidos, dirección, teléfono, Asina / Pegada, número da Seguridade Social, Estado Civil, data de nacemento, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos, imaxe.<br>Outros datos especialmente protexidos: Saúde (Solicitados con consentimento expreso do afectado), violencia de xénero, vida sexual, orixe racial e relixioso. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Centros escolares, xulgados, outros Concellos, corpos de seguridade do Estado e outras administracións públicas competentes na materia. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello, Rúa do Concello número 12, 15189, Tarrío (A Coruña). |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Alto. |

Número de anuncio 2013/10739

| | |
|---|---|
| **9. Ficheiro** | **Actividades culturais e Deportivas** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Actividades culturais e deportivas |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de datos de contacto para a organización de eventos, actividades de deporte, viaxes, servizo de biblioteca, medio ambiente e outras actividades educativa |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns interesados, residentes ou outros colectivos. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal<br>-Procedemento de recollida: Transmisión electrónica de datos, formularios automatizados e non automatizados. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | -Datos identificativos: Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal ou electrónica, teléfono, asina / pegada, circunstancias sociais, Nº da Seguridade Social, data de nacemento, sexo, nacionalidade.<br>-Outras categorías de carácter persoal:<br>-Datos de características persoais, circunstancias sociais, datos académicos e profesionais, datos de detalles de emprego, datos económico-financeiros e de seguros. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outras Administracións Públicas con competencia na materia. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Básico |
| **10. Ficheiro** | **Xestión Económica** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Xestión Económica |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión do patrimonio, tributaria, contabilidade, fiscalidade e ingresos e pagos do Concello. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns, residentes ou outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, fontes accesibles ao público, Administracións Públicas.<br>-Procedemento de recollida: Transmisión electrónica de datos en rexistros públicos, formularios automatizados e non automatizados. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | -Datos identificativos: Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal ou electrónica, teléfono, asina / pegada, circunstancias sociais, Nº da Seguridade Social, data de nacemento, sexo, nacionalidade.<br>-Outras categorías de carácter persoal:<br>-Datos de características persoais, circunstancias sociais, datos académicos e profesionais, datos de detalles de emprego, datos económico-financeiros e de seguros, transaccións de bens e infraccións administrativas. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outras Administracións Públicas con competencia na materia e a Deputación Provincial. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Nivel Medio |
| **11. Ficheiro** | **Padrón** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Padrón |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Rexistro dos veciños da demarcación do Concello, emisión de certificados, subministración de datos ao censo electoral, control de movementos de persoas e colaboración con outras Administracións. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadáns, residentes ou outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, fontes accesibles ao público, Administracións Públicas.<br>-Procedemento de recollida: Transmisión electrónica de datos en rexistros públicos, formularios automatizados e non automatizados. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | -Datos identificativos: Nome e apelidos, NIF / DNI ou número de cartón de residencia en caso de estranxeiros, domicilio habitual, teléfono, asina / pegada, lugar e data de nacemento, Nº da Seguridade Social, sexo, nacionalidade, datos necesarios para o censo electoral |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outras Administracións Públicas competentes na materia, Instituto Nacional de Estatística, Oficina de Censo Electoral, Rexistro Civil. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Básico |
| **12. Ficheiro** | **Contratación administrativa** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Fichero: Contratación administrativa |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | |

| | |
|---|---|
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Cidadás, residentes ou outros colectivos aos que se dirixa a acción municipal |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, fontes accesibles ao público, Administracións Públicas.<br>-Procedemento de recollida: Transmisión electrónica de datos en rexistros públicos, formularios automatizados e non automatizados. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | -Datos identificativos: Nome e apelidos, NIF / DNI, domicilio habitual, teléfono, asina / pegada, certificado de minusvalía.<br>-Outras categorías de carácter persoal:<br>-Datos académicos e profesionais, datos de detalles de emprego, datos económico-financeiros e de seguros.<br>-Outros datos especialmente sensibles: Saúde. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outras Administracións Públicas competentes na materia, Consello de Contas de Galicia, Tribunal de Contas, Ministerio de Economía e Facenda, entidades colaboradoras por convenio. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Alto |
| **13. Ficheiro** | **Axentes de Promoción Económica** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Axentes de Promoción Económica |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que se dirixen as súas accións. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Empregados |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal.<br>Procedemento de recollida: Formularios establecidos ao efecto. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal e electrónica, teléfono, asina / pegada, número da seguridade social.<br>Outras categorías de carácter persoal: Datos académicos e profesionais, datos de detalles de emprego, características persoais. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outros órganos da Comunidade Autónoma, Sector público da Comunidade Autónoma Galega. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Básico |
| **14. Ficheiro** | **Participantes en accións de Promoción de emprego** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Participantes en accións de Promoción de emprego |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | Solicitantes, emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal.<br>-Procedemento de recollida: Formularios establecidos ao efecto. |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal e electrónica, teléfono, , número da seguridade social, imaxe/voz.<br>-Outras categorías de carácter persoal:<br>-Datos académicos e profesionais, datos de detalles de emprego, características persoais, información comercial. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outras Administracións Públicas con competencia na materia e a Deputación Provincial. Outros órganos da Comunidade Autónoma, Sector público da Comunidade Autónoma Galega. Empresas e entidades ofertantes de emprego |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Básico |
| **15. Ficheiro** | **Queixas e Suxestións** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Queixas e Suxestións |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Recollida e tratamento de datos nos libros de queixas e suxestións existentes nas dependencias do Concello, e naqueloutros documentos, calquera que sexa a súa forma, que sexan remitidos polos cidadáns ou presentados para este fin no Concello. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | -O propio interesado ou o seu representante legal.<br>Procedemento de recollida: Formularios establecidos ao efecto. |
| b.2) Procedencia: | Documentos e impresos físicos e telemáticos |

Número de anuncio 2013/10739

| | |
|---|---|
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal e electrónica, teléfono, , número da seguridade social, imaxe/voz, sinatura<br>-Outros datos especialmente sensibles: Saúde |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outros órganos administrativos con competencias na materia, Autoridades Xudiciais, Ministerio Fiscal. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Alto |
| **16. Ficheiro** | **Xestión Administrativa** |
| a) Identificación do ficheiro, indicando a súa denominación, así como a descrición da súa finalidade e usos previstos. | |
| a.1) Identificación do ficheiro: | Xestión Administrativa |
| a.2) Finalidade e usos previstos: | Xestión de información de tipo administrativo referente a terceiros tanto acredores como debedores e xestión de datos de provedores. |
| b) Orixe dos datos, indicando o colectivo de persoas sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a fornecelos, o procedemento de recollida dos datos, e a súa procedencia. | |
| b.1) Colectivo: | provedores, beneficiarios, terceiros acredores e debedores. |
| b.2) Procedencia: | -O propio interesado ou o seu representante legal, acredores, debedores ou provedores que teñan relación co Concello.<br>-Procedemento de recollida: Documentos e impresos físicos e telemáticos |
| c) Estrutura básica do ficheiro e o sistema de tratamento utilizado na súa organización. | |
| c.1) Estrutura: | -Datos identificativos: Nome e apelidos, NIF / DNI, dirección postal e electrónica, teléfono, firma.<br>-Outros datos de carácter persoal: económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos. |
| c.2) Sistema de tratamento: | Mixto |
| d) Comunicacións dos datos previstas: | Outros órganos administrativos con competencias na materia. |
| e) Transferencias internacionais previstas a terceiros países: | Non se realizan ou non están previstos tratamentos de datos fose do territorio do Espazo Económico Europeo. |
| f) Órganos responsables do ficheiro: | Concello de Culleredo. Rúa do Concello Nº12, 15189,Tarrío,Culleredo |
| g) Servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición: | Casa do Concello. Rúa do Concello Nº12, 15189, Tarrío, Culleredo |
| h) Nivel de medidas de seguridade: | Básico |

## ANEXO II

## Ficheros que se suprimen

## Órgano Responsable: Concello de Culleredo

I

| | |
|---|---|
| Identificación do ficheiro | **Terceros** |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Cambios nos sistemas de tratamento e actualización |

| | |
|---|---|
| Identificación do ficheiro | **Nómina** |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Cambios nos sistemas de tratamento e actualización |
| Identificación do ficheiro | **Alista** |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | O presente ficheiro quedou obsoleto. As características actuais do mesmo non se corresponden cos ficheiros existentes na actualidade no organismo. Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Cambios nos sistemas de tratamento e actualización |
| Identificación do ficheiro | **Industri DBF** |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | O presente ficheiro quedou obsoleto. As características actuais do mesmo non se corresponden cos ficheiros existentes na actualidade no organismo. Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Cambios nos sistemas de tratamento e actualización |
| Identificación do ficheiro | **Padrón** |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Duplicado cos novos ficheiros creados na presente disposición |
| Identificación do ficheiro | Padrón Municipal de habitantes |
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | Duplicado cos novos ficheiros creados na presente disposición |
| Identificación do ficheiro | **Registro de entrada y salida** |

Número de anuncio 2013/10739

| | |
|---|---|
| Destino que vaia a darse aos datos ou, no seu caso, as previsións que se adopten para a súa destrución | Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |
| Motivos | O presente ficheiro quedou obsoleto. As características actuais do mesmo non se corresponden cos ficheiros existentes na actualidade no organismo. Os datos deste ficheiro que se suprime son migrados aos ficheiros de nova creación, conforme ao disposto no art. 20.3 da LOPD. |

Culleredo, 23 de agosto de 2013.

O Alcalde,

Asdo.: Julio Sacristán de Diego.

2013/10739